



INSTRUCCIÓN SOBRE A XESTIÓN DE RESIDUOS NA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCACIONADA POLO COVID-19

A Orde SND/271/2020, de 21 de marzo (BOE núm. 79, de 22 de marzo de 2020) establece **instrucións sobre a xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19**

É preciso, para salvagardar a saúde das persoas usuarias e traballadoras do servizo de recollida de lixo, seguir as **indicacións sobre a xestión de residuos domésticos** que se presentan a continuación:

➔ **Recomendacións destinadas ó manexo dos residuos en fogares CON POSITIVOS ou en CORENTENA por COVID-19:**

1. Os residuos do doente eliminaranse nunha bolsa de plástico (bolsa 1) nun caldeiro do lixo, preferiblemente con tapa e apertura de pedal, disposto na habitación do doente, sen realizar ningunha separación para a reciclaxe.

2. A bolsa 1 debe pechase axeitadamente e introducirse nunha segunda bolsa (bolsa 2), xunto a saída do cuarto do doente, nesta bolsa depositaranse ademais as luvas, máscaras desbotables utilizadas pola persoa coidadora. Pecharase a bolsa 2 axeitadamente antes de saír da habitación do doente.

3. A bolsa 2 depositarase co resto dos residuos domésticos na bolsa do lixo (bolsa 3) correspondente á fracción resto.

4. Inmediatamente despois realizarase unha completa hixiene das mans, con auga e xabón durante 40-60 segundos.

5. A bolsa 3 pechada axeitadamente depositarase exclusivamente no contedor de fracción resto (contedor verde).

➔ **Recomendacións destinadas ó manexo dos residuos en fogares **sen positivo ou corentena**:**

1. A xestión de residuos realizarase como se vén facendo de xeito habitual, tratando de minimizar a xeración de residuos e maximizando a separación para reducir a fracción resto xerada o máximo posible.

2. As fracción separadas depositaranse nos contedores correspondentes.

3. As luvas de látex e nitrilo empregadas deben depositarse na bolsa de fracción resto (contedor verde).